

INSTRUCCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A TRAMITACIÓN DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES DE ATRACCIÓNS RECREATIVAS DO CONCELLO DE FERROL

I.- PARTE EXPOSITIVA

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas, veu a establecer o réxime xurídico dos espectáculos públicos e as actividades recreativas que se celebren en establecementos ou espazos abertos ao público, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e modificou o réxime de intervención administrativa modificando a Lei 9/2013 do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado por Decreto 124/2019, do 5 de setembro, define as atraccións recreativas como *“Aquelas que consisten en ofrecer ao público en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para iso ou en espazos abertos ao público un tempo de recreo, entretemento ou lecer, mediante a utilización de atraccións, mecánicas ou non, consistentes en instalacións fixas ou eventuais, tales como inchables, parques de bolas, tobogáns, randeeiras, carruseis, noras, montañas rusas, trens turísticos, barracas e calquera outro de semellantes características a cambio do pago dun prezo polo seu uso ou por acceder ao establecemento aberto ao público en que se atopen instalados.”*

O artigo 40 da Lei 9/2013, redactado polo apartado un da Disposición Adicional Primeira da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas, somete as atraccións recreativas ao réxime de declaración responsable. Non obstante, a montaxe destas instalacións cando deben dispoñer dun plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación, está sometida a licenza urbanística(art. 41).

Por outra banda, o artigo 84 da Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas establece que ninguén pode sin título habilitante outorgado pola autoridade competente, ocupar bens de dominio público ou utilízalos na forma que exceda o dereito de uso que, no seu caso, corresponde a todos.

II.- TRAMITACIÓN DE DECLARACIÓNS RESPONSABLES DE ATRACCIÓNS RECREATIVAS

1.- As declaracións responsables presentaranse cunha antelación mínima de 1 mes. A declaración responsable incluírá no mesmo modelo normalizado a solicitude para a utilización do espazo público necesario para o desenvolvemento da actividade e/ou espectáculo.

Estas declaracións responsables entregaranse no Rexistro de entrada, coa documentación complementaria necesaria, dirixida ao Servizo de Facenda e Patrimonio municipal encargado da tramitación, sendo tramitadas por rigorosa orde de entrada.

2. - Nos casos de falta de interese público na actividade proxectada, ausencia de dispoñibilidade do espazo público solicitado se redactará un informe-proposta e ditarase resolución mediante a que se declare a ineficacia da declaración responsable ou a prohibición do desenvolvemento da actividade programado e a ocupación do dominio público solicitado, o que se notificará á persoa interesada.

3. - O Servizo de Patrimonio remitirá as declaracións responsables presentadas para a instalación das atraccións en vía pública á Oficina técnica de Urbanismo para que emita un informe sobre a actividade e no que determine si se cumpren cos requisitos esixidos pola Lei 9/2013, 19 de outubro, para o exercicio da actividade na vía pública.

4.- Si a documentación está incompleta, é insuficiente ou é errónea, concederáse o prazo de 10 días hábiles para que a acheguen ou emenden, e advertirase que, de non presentala en prazo procederáse a declarar a ineficacia da declaración responsable presentada, o que implica a ausencia de autorización para desenvolver a actividade solicitada.

5.- Cando o informe da Oficina técnica de Urbanismo sexa favorable, o Negociado de Patrimonio solicitará informe ao Departamento de Seguridade.

6.- Naqueles supostos nos que se comprobou que a documentación está completa e que os informes sobre o interese público na actividade, sobre a dispoñibilidade do espazo público e os dos servizos sectoriais solicitados son favorables, autorizaráse a ocupación do dominio público mediante resolución da persoa titular da concellería competente en materia de Patrimonio encargada da tramitación e por tanto notificarán á persoa interesada, o que implica que a documentación para a realización da actividade é conforme a normativa vixente.

III.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACOMPAÑAR ÁS ATRACCIÓNS RECREATIVAS SOMETIDAS A DECLARACIÓN RESPONSABLE

A declaración responsable haberá de presentarse nos seguintes termos(art. 40 da Lei 9/2013):

a) Con carácter previo as persoas interesadas deberán presentar unha declaración responsable dirixida ao concello, coa cal poñerán en coñecemento da Administración competente os seguintes datos:

- O nome, apelidos e dirección da persoa solicitante e, no seu caso, da persoa que actúe na súa representación.
- O tipo actividade que se pretende realizar.
- A localización da actividade conforme ao anexo I da presente instrución.
- A firma da persoa solicitante.
- O órgano, centro ou unidade administrativa a que diríxese.

b) Coa declaración responsable, na cal a persoa interesada manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre todos os requisitos establecidos na normativa vixente para o exercicio da actividade, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá á disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao este exercicio, haberá de acompañarse, no seu caso, a documentación que figura a continuación, salvo que a mesma xa estea en poder ou sexa elaborada por calquera administración, en cuxo suposto se observará o indicado no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas:

- No seu caso, a autorización, informe ou declaración ambiental que proceda, de conformidade coa normativa específica de aplicación.
- A documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza do evento. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións a desenvolverse, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa sectorial de aplicación. O proxecto e a documentación técnica redactaranse e asinarán por persoa técnica competente.

- A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pago das curmás correspondentes ao período do seguro en curso ou copia dos mesmos.
- No seu caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na presente lei.
- O documento acreditativo asinado polo/a interesado/a de a designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación da actividade recreativa aos requisitos esixibles.
- Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

Para as atraccións recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables, será preciso acompañar, xunto coa documentación requirida nos apartados a) e b), a seguinte documentación:

- O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.
- A marcado CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.
- Calquera outra documentación que veña esixida pola normativa de aplicación.

O custo dos informes, certificacións e actas de verificación ou control de funcionamento e de revisión correrá a cargo dos/as solicitantes.

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos habilita para o exercicio da actividade, desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección atribuídas á Administración nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da lei.

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore á declaración responsable, así como a non presentación da declaración responsable ou

da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.

A resolución que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaón da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao comezo da actividade, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo de entre tres meses e un ano.

A persoa organizadora desta actividade recreativa haberá de comunicar á Administración competente as modificacións non substanciais, no prazo de quince días desde que tivese lugar. En caso de cambio de titularidade, a comunicación, acompañada da documentación acreditativa do cambio e da dispoñibilidade do seguro de responsabilidade civil, deberá efectuarse con anterioridade ao desenvolvemento da actividade polo/a novo/a titular.

Será necesaria a presentación de declaración responsable nos termos previstos neste precepto en caso de modificación substancial. En todo caso, terán a consideración de modificacións substanciais a modificación da clase de actividade recreativa, o cambio de lugar, a realización dunha reforma substancial dos establecementos ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigo do establecemento aberto ao público si así é declarado no informe técnico correspondente.

Disposición Adicional. Localización e períodos para a instalación das atraccións recreativas

Os titulares das atraccións recreativas definidas no Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas poderán presentar as declaracións responsables nos termos establecidos nesta instrución para instalarse no espazo definido no plano que se achega a esta Instrución nas datas que coinciden coas vacacións escolares (Semana Santa, Nadal, Entroido, as 2 semanas do mes de agosto das festas patronais de Ferrol).”